


[O NOVO EIXE VERTEBRADOR DA CIDADE do S. XXI]

A Ronda Bulevar desconxestionará de tráfico o centro da cidade, converténdose nun novo eixo de comunicacións alternativo ás rúas Progreso e Avenida de Zamora. O vial enlazará directamente Finca Sevilla, A Carballeira e O Couto sen pasar polo centro da cidade e crea novas saídas cara a Vigo, Madrid, Barbadás, Celanova, Seixalbo ou San Cibrao.



CONCELLO DE OURENSE



[O OURENSE QUE **QUEREMOS**]

[O OURENSE QUE **FACEMOS**]

[**RONDA BULEVAR**]



O CONCELLO DE OURENSE

acomete un dos seus máis ambiciosos proxectos coa construción da Ronda Bulevar, que cohesionará a cidade conectando os barrios de O Couto, Rabo de Galo, Salto do Can, A Carballeira, Marcelo Macías, Finca Sevilla e Mariñamansa.

A nova entrada e saída á cidade que prevían os Plans de Urbanismo de 1961, 1986 e 2003, e que nunca se chegou a executar, faise agora realidade como novo motor de desenvolvemento urbano do Ourense do futuro.



CONCELLO DE OURENSE



[RONDA BULEVAR]

o [Tramo 2] Salto do Can



O novo vial convértese en alternativa á Avenida de Portugal, habitualmente saturada de tráfico, e crea un novo eixo de conexións cara a Finca Sevilla.

o [Tramo 1] Rabo de Galo

(iniciado coa estrada de Madrid)



A glorieta na Nacional 120 xenera unha nova entrada e saída ó barrio do Couto, e dará servizo ás vivendas protexidas que promoven o Concello e a Xunta (Auria Verde e Rabo de Galo).

o [Tramo 3] A Carballeira



Un dos máis importantes barrios da cidade supera o actual déficit de comunicacións, cun vial que o enlaza co norte, oeste e sur da cidade.



o [Tramo 4] Marcelo Macías



A rúa con maior saturación de tráfico desconxestiónase para dar unha maior calidade de vida ós seus veciños, con este bulevar máis a nova glorieta que está a construír a Xunta.



o [Tramo 6]
A Farixa




O vial dá servizo a unha importante zona de expansión da cidade, na que se prevén novos desenvolvementos residenciais, comerciais e zonas verdes.

CONCELLO DE OURENSE



o [Tramo 8]
Av. Zamora
(Marfameira-Sexelbo)



Péchase un novo eixo de comunicación da cidade, vía alternativa de entrada a Ourense cara á Carballeira, Couto e A Ponte, sen pasar por Avenida de Zamora e Progreso.



o [Tramo 7]
Finca Sevilla



Unha das principais zonas de equipamentos da cidade mellora notablemente as súas comunicacións ó servizo de usuarios do Paco Paz, Expourense, Aixiña...

o [Tramo 5]
Os Ponzos



A nova ponte sobre o río Barbañica articula unha zona de gran potencial de desenvolvemento e facilita as comunicacións con Barbadás e o centro comercial existente.

